



**INFORME ECONÓMICO**

EXPEDIENTE: SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE MINISTERIO DE ECONOMÍA INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE (MEIC) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCint) 2014-2020.

De conformidade coas esixencias do prego de prescricións técnicas e tomando como referencia prezos de mercado, para a elaboración destes traballos calculouse un orzamento que ascende á cantidade de 466.942,15 euros, que cun IVE de 98.057,85 euros (21%) resulta nun total de 565.000,00 euros.

Dada a natureza do servizo, o orzamento determínase principalmente en función dos perfís profesionais que se detallan no apartado "Equipo de traballo" do prego de prescricións técnicas e dunha estimación do nivel de dedicación necesario en cada caso.

Tendo en conta as horas dedicadas polo equipo de traballo en conxunto a cada unha das actividades, obtense a seguinte distribución:

<b>Bloque de traballo</b>	<b>Actividades xerais dunha oficina CPI</b>	<b>Peso da actividade</b>
Xestión	1. Coordinación axentes	5,00%
CPI-Innovación	2. Coordinación etapa consultas mercado	15,00%
CPI-Innovación	3. Creación capacidades innovación	15,00%
CPI-Innovación	4. Coordinación execución técnica	20,00%
Xestión	5. Control económico e financeiro	10,00%
Xestión	6. Seguimento e monitorización	10,00%
Xestión	7. Xustificación convenio	10,00%
Xestión	8. Avaliación resultados	5,00%
Xestión	9. Difusión	5,00%
Xestión	10. Xestión de riscos	2,50%
Xestión	11. Xestión da calidade	2,50%

Na táboa seguinte desglósase o orzamento proposto incluíndo os seguintes conceptos:



- Importe asociado a cada un dos perfís e importe total do equipo de traballo
- Materiais e gastos de xestión adicionais, calculados coma un 5% do importe anterior.
- Beneficio industrial, calculado coma un 5% do importe acumulado nos apartados anteriores.

Perfil	% dedicación	Horas	Custo/hora	Subtotal
Director técnico	60%	1.080	100	108.000,00
Consultor de xestión 1	80%	1.440	60	86.400,00
Consultor de xestión 2	80%	1.440	60	86.400,00
Consultor de innovación 1	80%	1.440	60	86.400,00
Consultor de innovación 2	80%	1.440	60	86.400,00
Consultor TIC	40%	720	80	57.600,00
<b>Total</b>				<b>511.200,00</b>

Materiais e gastos de xestión	5%			25.560,00
Beneficio industrial	5%			28.240,00
<b>TOTAL PROXECTO</b>				<b>565.000,00</b>

A oferta final de cada provedor pode lóxicamente variar, no só no importe total, senón tamén na ponderación de cada apartado, dependendo da solución proposta, do equipo de traballo deseñando e outros aspectos, en base ao seu coñecemento específico.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

O xefe de servizo de Informática,

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

Firmado por JESÚS  
RODRÍGUEZ CASTRO  
- 34887777C el día  
21/11/2018 con un  
certificado emitido por  
AC CAMERFIRMA  
FOR NATURAL  
PERSONS - 2016